



# os bolechas

guias

FEPE CARREIRO

chaman ao 112



# os bolechas

PEPE CARREIRO




**Entra na nosa web e faite do club!**

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

[www.osbolechas.gal](http://www.osbolechas.gal)

chaman ao 112




Os Bolechas están a pescar no río coa avoa Flora. E seica picou un peixe!

–Seguro que é unha troita gordísima. Ollade como torce a cana! –di a avoa, entusiasmada.



Alá vai a avoa Flora! Entusiasmouse tanto que escorregou nas pedras.


E por riba, no canto dunha troita gordísima, pescou un envase que alguén botou no río.



A avoa mancou unha perna e non pode erguerse. Nin turrando dela!

–Uuuuf! Como pesas, avoíña.

–Ai, ai, aiiii! Non podo mover a perna.



–Non podemos levarte á casa, avoíña. Pesas moito –di Pili.

Non, non poden levala. Pero tampouco vai quedar no río. Uf! Vaia problema!



Braulio ten unha idea brillante.  
–Xa sei. Podemos chamar ao **112**!



Braulio colle o móbil da avoa e chama ao **112**.  
–Seguro que veñen axudarnos.



–Ola... so... son... son Bra... Bra... Braulio...  
A mi... a miña a... a miña avoa mancouse...




–Tranquilo, imos axudarvos agora mesmo. Pero dime **o que lle pasa** á túa avoa e **onde estades**.





–A miña avoa escorregou e **mancou unha perna**.  
Estamos no **río Escorregadoiro, preto da igrexa**.



–Moi ben, Braulio. **Sei onde estades**. Xa van  
para aí os equipos de emerxencia. Tranquilos.



O helicóptero de **Urxencias Sanitarias 061** sae a toda velocidade cara ao río Escorregadoiro.

No helicóptero van os **pilotos** e o **equipo sanitario**.



Un vehículo de **bombeiros** sae tamén a toda velocidade cara ao río Escorregadoiro.

Leva postas as luces de emerxencia e a sirena, para que lle deixen o paso libre.



Os bombeiros sacan a avoa das pedras,  
mentres o helicóptero aterra na beira do río.



Os Bolechas xa están tranquilos.  
–Que rápido ergueron a avoa!



O helicóptero leva a avoa ao hospital. Polo camiño, **vaina atendendo o equipo sanitario.**

Os Bolechas van no vehículo de bombeiros, porque no helicóptero só pode ir a doente.



Despois dunhas horas, a avoa sae do hospital coa perna vendada. Xa pode andar!

–Levádeme ao río Escorregadoiro, que teño que pescar unha troita gordísima! –di, tan pancha.

## O 112 atende sempre



Podemos chamar ao **112** a calquera hora do día e da noite, domingos e festivos, todos os días do ano.

## Tranquilos



No **112** axúdannos sempre, debemos de tranquilizarnos para explicar o que pasa.

## Explicar o que pasa



Debemos de explicar ben **como é a emerxencia**: unha persoa ferida, un incendio, unha inundación, unha situación de inseguridade...


## Explicar o lugar



Tamén debemos de explicar ben **en que lugar sucede a emerxencia**.




## Só para emerxencias



**O 112 é só para emerxencias.** Non debemos de chamar por cousas sen importancia, que podemos solucionar nós mesmos.

## Sen bromas



**Nunca debemos de gastar bromas co 112.**  
As emerxencias son cousas moi serias.

# En toda Europa



○ 112 é o Número Único de Emerxencias Europeo.

os bolechas<sup>TM</sup>  
PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa



Mamá Bolechas



Papá Bolechas



Avoa materna  
Balbina



Avó materno  
Marcelo



Avoa paterna  
Flora



Avó paterno  
Emiliano



Curmá Sarela



Curmá Ying



Curmán Kofi



Tía Camila



Tío Lisardo



Lusco



Fusco



Curmá Saladina



Tía Lupa



Tío Agostiño

# os bolechos

© TM

PEPE CARREIRO



XUNTA  
DE GALICIA

